

Área de
CONTRATACIÓN E
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 8.173-252

INFORME-PROPOSTA

ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- en data 9 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto, do servizo de limpeza das dependencias municipais e outras instalacións do Concello de Vigo.

Segundo.- O 13 de agosto de 2024 publicouse o anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, solicitáronse aclaracións aos pregos dentro do prazo sinalado na cláusula 11.3 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- (*"As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través da Plataforma de Contratación del Sector Público, ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas"*).

Cuarto.- Con data do 9 de setembro de 2024 o xefe do Servizo de Limpeza emitiu informe en relación coas aclaracións solicitadas.

II.- ACLARACIÓNS

Reprodúcense a continuación as aclaracións solicitadas e as súas respostas, de conformidade co informado polo xefe do Servizo de Limpeza o 9 de setembro de 2024.

" 1- Buenos días.

En relación con el listado de subrogación nos surgen una serie de cuestiones:
1.a) - *Cuando se habla de % jornada, a cuantas horas se refiere?, (puesto que según el convenio la jornada completa en 2023 eran 36 y en 2024 son ya 35), por lo que el porcentaje de jornada en función de cuando se hubiese solicitado el listado puede haber variado.*

1.b) - *Respecto a la asignación de centros de los trabajadores, hay una serie de casos en los que al no tener líneas la tabla no está clara la asignación, en concreto entre MAPC y PLA, entre RLV y EGF y entre AMMZ y TGG. ¿Podrían aclararlo?*

1.c) - *Por último, podrían indicar los trabajadores con bonificaciones en los seguros sociales de algún tipo. Muchas gracias*

Cumprindo o requisito esixido polo artigo 130 da LCSP, o órgano de contratación do Concello de Vigo aporta o listado dos traballadores que prestan servizo na data que indica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/09/2024 11:34	Páxina 1 de 4
8173-252	CSV: A7AC5H-553323-863E34-W1BJ2X-388Y5A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

o propio documento aportado pola actual mercantil prestadora. Este documento inclúe a información necesaria para unha axeitada avaliación dos custes, pero se aporta a título soamente informativo dado que este Concello non ostenta a responsabilidade da xestión dos traballadores. Por este motivo tampouco pode este Concello asignar a traballadores concretos a dependencias concretas, nin se dispón da información sobre posibles bonificacións nos seguros sociais.

2- Buenos días. ¿Cuántos contenedores higiénicos femeninos hay? Un saludo.

O apartado 5.3.1 do PPTP sobre COLECTORES HIXIÉNICOS indica que o prezo do contrato inclúe a subministración e xestión de colectores hixiénicos para **todos os aseos femininos** das dependencias obxecto da prestación, así como a subministración e xestión de colectores adaptados aos aseos de discapacitados.

O documento no aporta datos sobre o número de colectores existentes a día de hoxe, pero si indica os que deberá dispoñer o adxudicatario no novo contrato. A avaliación dos medios en servizo actualmente corresponde a cada licitador e para o que se establecen as visitas ás dependencias.

3- Buenos días. En el PPT (cláusula 2.10) mencionan un responsable de contrato con dedicación parcial, un encargado general con dedicación completa y un trabajador responsable por centro o dependencia. A este respecto nos surgen dos dudas: 1) ¿El jefe de servicio del listado de subrogación equivale al responsable del contrato o al encargado general? 2) Hay 44 centros pero en el listado de subrogación solo hay 2 responsables de equipo, ¿qué trabajadores ejercen las funciones de responsables en los demás centros? Un saludo.

A cláusula 2.10 preceptúa unha serie de definicións en relación directa coa organización do servizo. O prego de prescricións técnicas particulares indica as necesidades de mandos intermedios e de persoal operativo para a execución e control do futuro servizo, pero o **Proxecto de organización corresponde a cada licitador**. A organización do servizo por parte da actual prestadora non é un condicionante para o futuro contrato. A lista de traballadores que se presenta no Anexo 6 do PPTP é a título informativo para os efectos do indicado no artigo 130 LCSP.

4- Buenos días. No hay umbral de puntuación mínima en los criterios de valoración mediante juicio de valor, ¿verdad? Un saludo.

O PCAP indica que serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada (apartado 7 do anexo I sobre follas de especificacións do contrato FEC).

5- Buenos días. ¿Tienen previsto un nuevo día para visitar las instalaciones? Un saludo.

O PCAP indica que unha vez publicado o anuncio de licitación no perfil do contratante, realizarase unha visita ás instalacións no segundo día hábil seguinte ao da publicación co fin de que os licitadores poidan coñecerlas. A estes efectos os licitadores deberán presentarse na Lonxa da Casa Consistorial do Concello de Vigo ás 09.00 horas. A visita non é obrigatoria para os licitadores. O prazo de presentación de ofertas iniciarase ao día seguinte da realización da visita. En tal sentido procede informar que a visita realizouse o día 19 de agosto do 2024, na que participaron 6 empresas diferentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/09/2024 11:34	Páxina 2 de 4
8173-252	CSV: A7AC5H-553323-863E34-W1BJ2X-388Y5A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN E
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 8.173-252

6- *Por favor ¿nos poderían indicar si el proyecto técnico tiene que estar redactado con algún tipo de letra y tamaño, así como márgenes en el documento?.*

O PCAP non indica ningunha condición a este respecto.

7- *Las fichas con las características que piden de la maquinaria, productos, consumibles y dispensadores, entendemos que son las fichas técnicas, y que no computan a efectos de la limitación de páginas del apartado. ¿Nos lo pueden confirmar?*

O PCAP indica sobre os criterios de adxudicación que o apartado **PV2** presentarse nun único arquivo, que terá unha extensión máxima de vinte e nove follas (DIN A4) por unha cara, e cunha cantidade de información máxima de catro Megabytes (**29 caras, 4MB**), que deberá estar complementado por un arquivo de fichas cunha extensión *máxima de cen follas en formato DIN A4 por unha cara e cunha cantidade de información máxima de cinco Megabytes (100 caras DIN A4, 5MB)*.

En relación cos materiais e produtos de limpeza, deberá considerar na ficha correspondente a cada centro a obriga recollida na cláusula 7.1 do PPTP, destinando a cada centro os materiais e produtos que estime necesarios segundo as particularidades de cada un, a súa tipoloxía e uso do centro. Detallará tamén a oferta a relación dos materiais consumibles por centro e a estimación dos consumos.

Tal como se indica na cláusula 6.2, os licitadores deberán incluír obrigatoriamente unha ficha individual por centro que presentará de forma esquemática os datos máis relevantes da instalación e a súa posible casuística e trazos diferenciais, a descrición das tarefas para realizar, equipos de traballo, composición de cada equipo, medios, frecuencias, horarios propostos, prestacións mínimas a garantir e carga horaria diaria/semanal/anual mínima das limpeza habituals e ordinarias. **Trátase de considerar cada centro coma se fora un proxecto individual.**

Conforme ao anterior, existen polo tanto dúas limitacións diferentes, unha para o apartado e outra diferente para o arquivo de fichas por centro nas que se poderán incluír características dos produtos e maquinaria a empregar neles.

8- *Revisando los anexos del PPT aparecen dos direcciones distintas para el Almacén de Educación. En el Anexo 2 aparece Martínez Garrido 29 mientras en el Anexo 1 pone Gregorio Espino 29-31. ¿Cuál es la correcta?*

A dirección correcta é a do Anexo 2 na que aparece: Martínez Garrido 29.

9- *Buenos días. Solicitamos ampliación del plazo de presentación de ofertas, dado que no responden a las preguntas planteadas por los diferentes licitadores (solo dicen que trasladan la consulta a otro departamento) ni hemos podido visitar las instalaciones (dado que la visita se convocó con muy poco plazo de antelación "laborable" desde la publicación de los pliegos). Un saludo.*

Non se plantexa ningunha cuestión diferente das anteriores polo que se condicera xa contestada neste informe".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/09/2024 11:34	Páxina 3 de 4
8173-252	CSV: A7AC5H-553323-863E34-W1BJ2X-388Y5A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En relación coa última pregunta, infórmase que a cláusula 11.3 do PCAP establece que *"Con carácter previo á presentación da documentación, os licitadores poderán solicitar a aclaración de dúbidas sobre os pregos e a documentación complementaria.*

As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través da Plataforma de Contratación del Sector Público, ata 12 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas. Estas serán contestadas polo órgano de contratación, mediante respostas que terán carácter vinculante e serán publicadas no perfil de contratante como máximo 6 días antes da finalización do citado prazo. No caso de que o procedemento sexa urxente este último prazo reducirase a 4 días".

En cumprimento da citada cláusula, así como dos artigos 136.2 e 138.3 da LCSP, cúmprese o prazo para a contestación das preguntas polo que non procede ampliación do prazo de presentación das proposicións.

III.- ÓRGANO COMPETENTE

A competencia para a aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas correspóndelle á concelleira delegada de Contratación por acordo da Xunta de Goberno local de data 28 de xuño de 2024.

IV.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do exposto, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

- **"Aprobar as respostas ás cuestións formuladas, contidas neste informe, respecto do procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das dependencias municipais e outras instalacións do Concello de Vigo (expediente 8.173-252).**
- **Publicar esta resolución no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público".**

A técnica de Administración xeral (sinatura dixital)

A xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos (sinatura dixital)

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (Acordo de delegación competencial de data 28 de xuño de 2024) (sinatura dixital)

Dou fe, a secretaria do Goberno Local (sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/09/2024 11:34	Páxina 4 de 4
8173-252	CSV: A7AC5H-553323-863E34-W1BJ2X-388Y5A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		